

---

# EU SON SULEIMÁN

Texto de ANTONIO LOZANO

Tradución ao galego de CARLOS ACEVEDO

Ilustración de portada de JUAN CARLOS CRUZ

---

Encadernación rústica. 13,8 x 20,5 cm. 160 páx. 12 €.

ISBN 978-84-16721-49-8. Narrativa K.

LISTA DE HONRA DOS PREMIOS DE LITERATURA CCEI 2015

*Eu son Suleimán. Non te preocupes se non te lembrás de min, se non te lembrás de que me coñeces: aquí, ninguén me coñece. A miúdo sinto que son invisible, pero non, non o son. Aínda que ás veces me gustaría ser invisible. Moito. Por exemplo, cando baixei do caiuco que me trouxo ata a praia e descubrín que moitos brancos en traxe de baño, uns deitados na area, outros a xogar á pelota ou a correr pola beira, miraban para min asombrados, e desexei ser invisible. Tamén cando me botei a correr coma un tolo para afastarme de todo aquilo, e máis aínda cando me decatei de que detrás de min corría un policía que ao final me pillou. Claro, estaba máis en forma ca min. El non pasara oito días no caiuco, os tres últimos sen comer nin beber. Sentínme moi canso e deixei-me caer ao chan. Dixen para min: acabouse, Suleimán, vante matar aquí mesmo...*

Superado pola extrema pobreza que padece en Mali, Suleimán decide marchar co seu amigo Musa na busca dunha vida mellor en Europa, onde esperan traballar, conseguir diñeiro para voltar ao seu país, abrir os seus negocios e axudar as súas familias. A viaxe resulta dura e difícil: cruzan o deserto en camións escangallados, ateigados de xente tan desesperada coma eles; chegan á fronteira con Melilla pero, ao tratar de cruzar a reixa fronteiriza, son arrestados e expulsados. Suleimán loita por sobrevivir e volve intentalo por mar, dende as costas de Senegal ata Gran Canaria.

“Eu son Suleimán” non está baseado en feitos nin en persoas concretas; mais, historias coma esta acontecen cada día con miles de mozos en situación precaria. Ademais de relatar como desafían a morte fuxindo da guerra e da miseria do continente africano, Antonio Lozano tamén narra a viaxe interior do protagonista: dende o idealizado soño europeo ata a crúa realidade da odisea. Un drama que traspassa o frío factor da actualidade para achegarse á dimensión humana do fenómeno migratorio clandestino.



[Adaptación teatral en castelán de “Eu son Suleimán”, dirixida por Mario Vega]



- **Temática:** relato dun mozo na súa viaxe dende África a Europa.
- **Idade recomendada:** lectores xuvenís e adultos.
- **Aspectos destacables:** dereitos humanos, pobreza, migración.
- **Avance do libro:** <https://issuu.com/kalandraka.com/docs/eu-son-suleiman-g>

## Antonio Lozano

(Tánxer, 1956 - As Palmas de Gran Canaria, 2019)

Estudou Maxisterio e Tradución e Interpretación. Dedicouse á docencia e á promoción da cultura nas Illas Canarias. Foi director durante anos do Festival del Sur - Encuentro Teatral Tres Continentes e tamén do Festival Internacional de Narración Oral Cuenta con Agüimes, o de maior antigüidade de cantos se realizan en España. Coa súa primeira obra, “Harraga”, gañou o I Premio Novelpol de novela negra e recibiu unha mención especial no Premio Memorial Silverio Cañada 2003. Ademais, obtivo o I Premio Internacional de Novela Negra Ciudad de Carmona por “El caso Sankara” e tamén foi finalista do I Premio Brigada 21. Estivo nominado aos Premios Max de Artes Escénicas na categoría de Mellor Autoría Teatral polo seu guiión para a adaptación de “Eu son Suleimán”, producido en castelán por Unahoramemos que, con esta representación, gañou seis Premios Réplica 2015.

---

www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com

---



<http://suleiman.es>